



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA OFICIAL
DE IDIOMAS
DE LUGO



Proxecto Educativo

Escola Oficial de Idiomas de Lugo

Sumario

Introdución.....	4
A descrición do contorno social, cultural e económico.....	5
Sinais de identidade e formulacións educativas	6
Contexto e características.....	7
Recursos humanos.....	9
Persoal Docente no curso 2023/2024.....	9
Instalacións	10
O alumnado.....	12
Os obxectivos da escola	12
O obxectivo principal da escola é respectar os seguintes valores.....	12
Para dar resposta ás necesidades do seu contorno	13
Para atender á diversidade.....	14
Para mellorar a escola.....	14
Para promover o uso da lingua galega.....	15
Para promover a igualdade entre mulleres e homes	16
Prioridades de actuación.....	16
As medidas e recursos de organización e de xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.....	17
Medidas e recursos de organización.....	17
Medidas e recursos de xestión.....	17
As relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos.....	19
Institucións coas que colabora o centro.....	20
Os principios metodolóxicos e os criterios de selección de material didáctico.....	22
Concreción do proxecto educativo da escola: liñas metodolóxicas.....	26
Descrición do modelo DUA.....	26
Criterios de selección de materiais e recursos didácticos.....	38
Documentos para a escolla dos libros de texto.....	39
A oferta formativa.....	42
Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.....	43
Elaboración da programación	43
Avaliación da programación didáctica e proposta de revisión para o seguinte curso.....	44
Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción de idiomas.....	46
Directrices para o funcionamento adecuado das titorías.....	47
Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola.....	47
Obxectivos da avaliación do centro.....	47
Compoñentes da avaliación do centro.....	48

Para o profesorado:.....	48
Para o alumnado:.....	49
Para o persoal de administración e servizo:.....	49
Tipos de avaliación seguindo os axentes avaliadores.....	50
a) Avaliación interna:.....	50
Fases da coavaliación.....	51
Avaliación inicial.....	51
Para o alumnado:.....	51
Para o profesorado:.....	52
Para o persoal de administración e servizos:.....	53
Para o equipo directivo:.....	54
Avaliación procesual.....	55
Avaliación final	55
Avaliación das liñas de prioridade de actuación do centro.....	56
Anexos.....	56

Introdución

Na Unión Europea (UE), cada Estado membro asume a plena responsabilidade na organización dos seus sistemas educativos co gallo de contribuír ao desenvolvemento dunha comunidade de ensinanza e aprendizaxe permanente a escala europea, non sen garantir unha educación de calidade, baseada no intercambio, na cooperación e na mobilidade entre centros e sistemas educativos e de formación.

Atinxe principalmente ás autoridades dos Estados membros a responsabilidade de levar á práctica a aprendizaxe das linguas, promovida polo Consello de Europa xa no ano 2001, coa publicación do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) e coa elaboración do Portfolio Europeo das Linguas (PEL), sen obviar outras accións da Comunidade Europea que evidencian a necesidade de adquirir competencias lingüísticas e coñecementos doutras culturas en aras da mobilidade dos seus habitantes.

Neste contexto, seguindo as recomendacións emitidas polo Consello de Europa, para que a aprendizaxe de idiomas e a súa certificación se organicen nunha serie de niveis comúns, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación foi modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Así, no seu artigo 59.1, a Lei orgánica 2/2006 establece que estas ensinanzas se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1, e C2.

En consonancia co disposto nos artigos 6 bis.1.e) e 6 bis.3 da Lei orgánica 2/2006, o Goberno fixou no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

Do mesmo xeito, o artigo 60.1 dispón que as ensinanzas de idiomas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado serán impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, establécese o currículo básico dos niveis

Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste Real decreto, e fixa as esixencias mínimas a efectos de certificación e estableceu o currículo básico, que desenvolveu, posteriormente, a nivel autonómico o Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece a Ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos Niveis Básico, Intermedio e Avanzado (DOG do 13 de agosto de 2018).

Ademais, o Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Na actualidade, está en proceso de tramitación a orde para a implantación da nova ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta nova ordenación das ensinanzas nas escolas oficiais de idiomas ten a finalidade de darlles transparencia e validez aos certificados que expiden, tanto no ámbito académico e profesional como no nacional e no europeo.

Dende unha perspectiva global, non só se agarda que a escola sexa un motor que xere coñecemento, axude a crear pensamento e expida titulacións, senón que ademais será un instrumento de progreso, de cidadanía e de acceso á cultura, de loita contra a exclusión social, de defensa dos valores democráticos, especialmente de convivencia, e de tolerancia.

A descrición do contorno social, cultural e económico.

A EOI de Lugo é un centro de ensinanzas de réxime especial dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Empezou a súa andaina no ano 1987, creada polo Decreto 144/1987, de 4 de xuño, e autorizouse a súa posta en funcionamento por Orde do 16 de setembro de 1987, (DOG 8 de outubro). Ocupou provisionalmente varios centros da cidade e, no mes de outubro

do 2001, inaugura a súa sede propia no número 1 na Rolda Músico Xosé Castiñeira de Lugo.

Sinais de identidade e formulacións educativas

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo réxese polos principios constitucionais de igualdade, liberdade, xustiza, pluralismo, respecto á dignidade e dereitos da persoa, aconfesionalidade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outro motivo.

Propugna así mesmo a integración de alumnado de toda condición e procedencia, coa única limitación dos requisitos académicos, de idade e de residencia legal en España que están establecidos para a matriculación.

Fomenta a participación de toda a Comunidade Escolar na xestión democrática do centro na forma establecida na lexislación vixente.

Suscítase a boa convivencia no centro de traballo como un obxectivo fundamental que se aspira a cumprir mediante o diálogo, o respecto mutuo, a solidariedade, a responsabilidade, o esforzo e a colaboración.

Pretende reflectir a súa vocación de servizo á sociedade adaptando a súa oferta educativa, o seu funcionamento administrativo e a súa metodoloxía didáctica ás demandas sociais.

Está aberta ás novas correntes metodolóxicas e aos avances tecnolóxicos que poidan renovar os seus métodos, materiais e recursos didácticos.

A vocación principal deste centro de abrir oportunidades de comunicación, cultura, emprego e información aos habitantes de Lugo e da provincia no resto do mundo, e máis concretamente na nosa contorna europea, así como de axudar as persoas estranxeiras residentes en Lugo no seu proceso de integración.

Relacionado con iso, os idiomas cumpren a función de axudar a superar prexuizos contra outras culturas e a superar unha visión localista e limitada propia de comunidades pechadas e pequenas. Nese sentido, esta escola atopa outra das súas razóns de ser en facilitar o acceso a outras formas de pensar, a outras tradicións culturais, a xeitos diferentes de concibir a vida; e ampliar así o horizonte da cultura local.

Esta escola é un foro de encontro intercultural e interxeracional.

- Intercultural, porque os idiomas representan e transmiten culturas, e porque nas súas aulas se integran individuos procedentes de distintos contextos culturais.
- Interxeracional, porque en moitos grupos coincide alumnado de moi distintos grupos de idade, o cal, aínda que ten os seus inconvenientes didácticos, ten grandes vantaxes de socialización nunha sociedade que ofrece tan poucos foros de encontro ás distintas xeracións.

Ademais, recollendo as respostas do alumnado sobre as súas motivacións para estudar idiomas nesta Escola, dedúcense varias funcións sociais que cumpre o noso centro:

- Facilitar o desenvolvemento dos intereses persoais dos individuos, contribuíndo ás aspiracións de realización persoal de cada un e á animación sociocultural da comunidade.
- Complementar a formación académica de estudantes e traballadores, provendo un ensino facilmente accesible e de calidade.
- Impartir cursos para a actualización de coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais. (segundo dita a LOE 2/2006 no seu artigo 60.4).
- Ofrecer unha ferramenta sumamente útil para permitir o contacto con outros países e culturas e viaxar fóra das nosas fronteiras.
- Favorecer as relacións sociais entre persoas procedentes de moi diversos contextos.

Para rematar, as Escolas Oficiais de Idiomas cumpren unha función moi práctica como é acreditar a competencia alcanzada con certificados oficiais recoñecidos en todo o territorio español e no ámbito da Unión Europea.

Contexto e características

A provincia de Lugo, aínda que a máis extensa das catro provincias galegas, é a terceira en número de habitantes (326.013) dos cales arredor do 27 % viven na capital. A cidade de Lugo, conta pois con algo máis de 97.000 residentes. Na actualidade, a provincia conta con catro escolas oficiais de idiomas: Viveiro e Ribadeo na costa lucense, e Lugo e Monforte na zona centro e sur da provincia. Destas escolas dependen ademais varias extensións; Burela e Sarria dende o curso 2012-13, que dependen respectivamente da

EOI de Viveiro e da EOI de Lugo e, dende o curso 2017-2018, a extensión de Chantada, que depende da EOI de Monforte.

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo (código: 27015955) está situada na entrada sur da cidade, cunha gran densidade de poboación estudantil: alumnado dos Conservatorios Profesionais de Música e Danza, Campus Universitario, Escola de Arte e Deseño Ramón Falcón e varios centros educativos de educación secundaria e de formación profesional. Tanto o alumnado como o persoal destes centros está amplamente representado entre o noso alumnado.

A esixencia dun nivel B1 de dominio dunha lingua estranxeira ao remate da carreira universitaria e un mercado laboral cada vez máis globalizado que supón, en moitos casos, manter contactos con empresas no estranxeiro ou mesmo ter que emigrar, en particular aos países do norte de Europa (Alemania, Reino-Unido, Suíza e Francia) para conseguir un emprego, son algúns motivos para iniciar ou profundar no estudo dunha ou varias linguas estranxeiras nunha EOI.

Por outra banda, a vantaxe de estar a menos de 10 minutos do centro histórico de Lugo e de ser a única EOI que ofrezca o estudo de seis linguas estranxeiras, ademais de galego, nun radio de case 100 quilómetros, favorece que no noso centro o alumnado pertenza tanto ao eido urbano como ao rural.

No curso 2022/2023, 813 alumnos do centro residen fóra do municipio de Lugo, o que supón o 41 % do alumnado e 293 de fóra da provincia de Lugo, que supón o 15 % do alumnado. Para moitos, vir á EOI de Lugo supón desprazamentos longos, o que representa un esforzo que se ten en conta nalgúns aspectos relacionados coa organización do centro, e curso ordinarios en dous días. Dende o curso 2012-13, a apertura da extensión de Sarria, pretende reducir o hándicap das distancias, neste caso para o alumnado residente na zona sur da provincia, é dicir, entre Lugo e Monforte.

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo tenta responder ás necesidades dunha poboación que se desenvolve principalmente no sector terciario, nun mundo marcado polas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), pola investigación no campo da saúde e en materia agroalimentaria.

Lugo caracterízase tamén por unha importante presenza hoteleira. Grazas ao atractivo histórico-monumental e ao paso polo centro da cidade do Camiño de Santiago (Camiño primitivo) e a súa situación só a uns 20 quilómetros do Camiño francés, fai que os

comerciantes de Lugo e dos seus arredores teñan que atender a diario unha gran cantidade de peregrinos e turistas estranxeiros. Para estes profesionais, aprender idiomas na Escola Oficial de Idiomas é a oportunidade de mellorar a imaxe do pequeno comercio e a calidade da atención cara ao público estranxeiro.

Por outra banda, temos na EOI de Lugo un bo número de funcionarios relacionados co campo do ensino, da saúde e das forzas de seguridade. A respecto da idade, existe unha heteroxeneidade importante entre o alumnado do centro (dende os 14 anos ata xubilados).

Debido a que a maioría son cidadáns en idade laboral ou que cursan estudos en distintos niveis, a escola convértese nun lugar en que o alumnado procura unha formación complementaria ou a mellora do seu currículo académico. Existe tamén unha porcentaxe máis baixa de alumnado que simplemente aprende un idioma por pracer, para poder viaxar con máis autonomía ou para manter unha actividade intelectual.

Finalmente, o denominador común do noso alumnado é a motivación que o move a matricularse na EOI, na que o noso ensino non é obrigatorio, ben sexa para completar a súa formación académica ou polo pracer de adquirir unha ou varias linguas distintas da súa propia, que lle abren novos horizontes insospeitábeis.

Recursos humanos

Persoal Docente no curso 2023/2024

Idiomas	Prazas creadas	Nº total de profesorado	Profesorado con destino definitivo na EOI de Lugo	Profesorado que ocupará a súa praza na EOI no curso 23/24	Prazas ocupadas por profesorado itinerante
Alemán	3	3	3	3	0
Francés	2	3	2	2	1
Galego	3	5	3	2	3
Inglés	11	17 (1)	11	11	6
Italiano	2	3	2	2	1
Portugués	2	3	2	2	1
Total	23	36	23	21	13

1. Dous profesores a xornada completa na Extensión de Sarria.

Por outra banda, a Escola Oficial de Idiomas de Lugo conta provisionalmente con oito membros de persoal de administración e servizos, ademais da persoa responsable da xestión de That's English! no centro, e cun volume de alumnado arredor de 2.070 persoas (60 dos cales estudan na Extensión de Sarria) que cursa ensinanzas nas diferentes modalidades que se ofrecen en seis idiomas estranxeiros (alemán, chinés, francés, inglés, italiano e portugués) e mais galego . Polas súas características, a Escola Oficial de Idiomas de Lugo é un centro de tamaño medio cun bo abano de idiomas e cunha tipoloxía de cursos cada vez máis ampla, pero cun espazo reducido que supón que a súa organización resulte cada vez máis complexa.

Instalacións

As instalacións ocupadas pola EOI de Lugo inauguráronse no curso 2001-2002. Trátase dun edificio dividido en tres plantas, luminoso e ben situado, que comparte recinto e gastos de mantemento cos conservatorios de música e de danza, formando un conxunto tanto estético como educativo, xa que os tres se clasifican como centros de ensinanzas de réxime especial.

Actualmente, o noso centro conta con 18 aulas repartidas en dous andares: seis no primeiro andar (numeradas do 1, 1B ao 5) e 12 no andar inferior (numeradas do 6 ao 16, salvo a aula 7 dividida en 7 e 7B. Agás as aulas que se destinan a grupos pequenos (1B, 15, 16 e 7B), as demais aulas, poden dar cabida a uns 30 alumnos.

Todas están convenientemente dotadas de equipos informáticos, equipos de son e paneis interactivos.

No primeiro andar, ao que se accede dende o exterior por unha pasarela, encóntrase o espazo de encontro das persoas traballadoras do centro, a sala de informática con 16 postos dotados de micrófonos e auriculares, e o salón de actos ou sala de conferencias cunha capacidade dunhas 100 persoas. Todos estes espazos gozan dun equipamento completo en tecnoloxías da información e da comunicación co fin de facilitar e ampliar o abano de posibilidades para o desenvolvemento do labor docente.

Na á norte do edificio, e na mesma planta, hai tres despachos individuais para os departamentos de alemán, francés e inglés, e dous compartidos para os departamentos de galego e portugués, e italiano e chinés. Finalmente, a sala de

profesores, que se utiliza á vez como sala, por motivos de espazo. Todas estas dependencias dispoñen de computadoras de mesa e portátiles para uso do profesorado.

Ademais a escola conta con tres baños neste andar, un deles adaptado para persoal con necesidades específicas.

Na á sur, en fronte da entrada principal, está a secretaría do centro, cun pequeno almacén que acolle os expedientes do alumando antes da súa dixitalización. Finalmente, nesa mesma entrada, seguindo o corredor, detrás dunha cristaleira opaca, están os catro despachos do equipo directivo.

Na planta baixa, en fronte da entrada, áchase a conserxaría, detrás da escaleira de acceso ao primeiro andar. Seguindo á man esquerda, tras pasar a entrada doutros dous aseos, chegamos á biblioteca, que se complementa cun espazo de estudo na aula 7. Trátase dunha sala acolledora que contén arredor duns 12.000 volumes (material en formato papel, audio e vídeo) ordenados en vitrinas ou estantes e por departamentos que están dispoñibles para consultar *in situ* ou para levar en préstamo.

Neste andar, na parte traseira, ademais das aulas, están a oficina de *That's English!*, cuxa obra se realizou despois da inauguración do centro, e o acceso á conserxaría reservado ao persoal do centro. Nese espazo, á parte da conserxaría, atópanse unha sala pequena que utiliza o persoal de limpeza para acomodarse, un aseo e unha ducha, tamén instalada despois do ano 2001, pensada, en maior medida, para este colectivo e, finalmente, un acceso por unha escaleira ao soto que dispón de dous almacéns, un principal e outro secundario, conforme o seu tamaño, e mais a sala de máquinas.

A EOI dispón de ascensor. Non hai espazos de reunión para o alumnado nin cafetería, pero conta con dúas máquinas expendedoras de bebidas quentes e frías, que a maioría do alumnado e do persoal do centro utiliza a diario.

En canto ao espazo exterior, a Escola Oficial de Idiomas dispón, á parte dun espazo axardinado que require de mantemento por unha empresa externa, dun aparcadoiro, que comparte cos conservatorios de música e danza, tanto para o persoal como para o alumnado, ademais dun aparcadoiro para bicicletas, no acceso principal ao centro e outro na parte traseira.

Desde o curso 2015-16 realizouse un cambio no acceso de vehículos ao aparcadoiro, pasando a ser pola rúa dos Estudantes en lugar de ser pola Rúa Xesús Bal e Gay, e a saída, que é só pola Avenida de Madrid.

O alumnado

A EOI de Lugo acolle, como xa se salientou anteriormente, máis de 2.000 alumnos (2.131), a maioría mulleres –no curso 2022/2023 o 71 %-, e repartidos en sete idiomas, destacando que o departamento de Inglés é o máis numeroso co 65,5 % do alumnado.

Os obxectivos da escola

O obxectivo principal da escola é respectar os seguintes valores

A comunidade escolar que constitúe a Escola Oficial de Idiomas de Lugo asume como os seus valores propios os seguintes:

1. A igualdade de trato, dereitos e deberes entre as persoas, calquera que sexa o seu sexo e a súa orientación sexual, a súa condición social, a súa orixe cultural e as súas circunstancias persoais.
2. A implicación activa na loita contra calquera tipo de discriminación, a través da difusión de valores transmitidos mediante as actividades de ensinanza-aprendizaxe propias do centro.
3. O desenvolvemento persoal e intelectual a través do coñecemento de linguas como instrumento para o exercicio responsable dos dereitos e deberes da cidadanía.
4. A diversidade cultural como compoñente fundamental dos procesos de globalización que afectan as sociedades do século XXI.
5. O proxecto común de convivencia política, social e cultural no marco da Unión Europea.
6. A especificidade cultural propia do contorno inmediato configurado pola delimitación comarcal e autonómica.
7. A resolución pacífica de conflitos no eido escolar.
8. A asociación con fins educativos e culturais.
9. A participación da comunidade educativa para a construción dunha escola inclusiva que promova as potencialidades dos estudantes.

En consonancia cos valores enunciados no apartado anterior, a Escola Oficial de Idiomas de Lugo pretende os seguintes obxectivos:

Para dar resposta ás necesidades do seu contorno

1. Desenvolver as destrezas comunicativas noutras linguas como vector de inserción no mercado laboral.
2. Utilizar as destrezas comunicativas das linguas obxecto de estudo como habilidades sociais para a interacción cos seus falantes.
3. Acadar un coñecemento práctico doutras linguas adaptado ás necesidades de formación e desenvolvemento persoal.
4. Proporcionar e avaliar, mediante o ensino oficial, o coñecemento adecuado dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro.
5. Utilizar as destrezas de comunicación en linguas estranxeiras e autonómica como ferramenta básica de acceso a outros coñecementos e aprendizaxes.
6. Valorar os logros culturais, científicos e tecnolóxicos das comunidades que se expresan nas linguas obxectos de estudo.
7. Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma que permitan modular e perfeccionar a aprendizaxe ao longo de toda a vida.
8. Fomentar a aprendizaxe autónoma, ofrecendo os medios técnicos e instalacións adecuados para iso.
9. Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no centro.
10. Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
11. Fomentar o interese e a ilusión pola aprendizaxe das linguas.
12. Impartir cursos de actualización e perfeccionamento atendendo á demanda da sociedade.
13. Ofrecer un xeito de aprendizaxe que resulte relevante para a vida actual e futura do alumnado e para as necesidades actuais e futuras da sociedade na que se desenvolve.
14. Fomentar a implantación de novos idiomas na escola atendendo a demanda social da contorna, especialmente, Español para estranxeiros.

Para atender á diversidade

1. Establecer mecanismos para a atención diferenciada ao alumnado que comeza o estudo dun idioma con diferentes niveis de coñecemento.
2. Establecer mecanismos para a atención específica e prover os medios adecuados, didácticos e non didácticos, para as persoas con discapacidade físicas ou sensoriais, e/ou procedentes doutras culturas en proceso de integración.

Para mellorar a escola

1. Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias.
2. Potenciar as estruturas de coordinación para a xestión do centro, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
3. Participar en foros de debate sobre a mellora da organización, funcionamento e finalidade das escolas oficiais de idiomas.
4. Potenciar a participación de todos os sectores da comunidade escolar na xestión e funcionamento do centro.
5. Potenciar os mecanismos de comunicación apropiados que garantan unha adecuada información sobre as decisións, actividades e proxectos relacionados cos distintos sectores da comunicación escolar, tanto dentro como fóra do centro.
6. Crear e favorecer un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa.
7. Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
8. Elaborar horarios racionais que teñan en conta as necesidades do centro, os criterios de equidade e de mutuo acordo entre o profesorado.
9. Potenciar as estruturas de coordinación didáctica, tanto de idioma, ciclo e curso, como de departamentos docentes, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
10. Impulsar a innovación e a formación continua do profesorado e do persoal de administración e servizos, facilitando o acceso ás actividades e recursos das institucións.
11. Fomentar a realización no centro de actividades de formación e perfeccionamento pedagóxicos nas que poidan participar todos os membros do claustro.

- 12.Desenvolver ferramentas de avaliación do labor didáctico e do funcionamento dos grupos de traballo.
- 13.Impulsar e fomentar a participación do centro en proxectos europeos, de intercambios de alumnado, de profesorado e tamén a incorporación de profesorado nativo de apoio, como auxiliares de conversa.
- 14.Promover, sempre que sexa posible, unha maior harmonía entre o traballo e a vida familiar.
- 15.Sensibilizar o profesorado sobre a necesidade de crear plataformas titoriais en aulas virtuais para que o alumnado poida seguir en contacto co desenvolvemento da materia.
- 16.Favorecer a convivencia e a integración do profesorado, alumnado e o resto do persoal non docente.
- 17.Crear e fomentar as relacións e a colaboración entre os distintos colectivos co fin de acadar un obxectivo común de mellora do funcionamento do centro, eliminando diferenzas e traballando pola igualdade.
- 18.Facilitar a representación do alumnado no Consello Escolar e a participación na elaboración dos documentos de carácter pedagóxico e de organización de centro (Programación Xeral Anual, Proxecto Educativo de Centro, Proxecto Lingüístico) a través dos correspondentes órganos colexiados.
- 19.Difundir prácticas de aforro e de reciclaxe de papel, adecuando as tecnoloxías da información e da comunicación ao funcionamento interno de forma que se reduza o consumo de papel e se axilicen os trámites.
- 20.Fomentar o uso das fontes de información tanto impresas como dixitais a través da biblioteca.
- 21.Establecer relacións con outros centros coas mesmas características.
- 22.Promover o consumo enerxético responsábel (electricidade, auga, calefacción) e a optimización dos recursos.

Para promover o uso da lingua galega

1. Potenciar o uso cotián do galego como lingua de comunicación na vida diaria do centro.

Para promover a igualdade entre mulleres e homes

1. Fomentar e impulsar a igualdade entre homes e mulleres eliminando toda linguaxe sexista que poida existir na documentación do centro e nos medios de comunicación electrónica.
2. Propiciar, na medida do posíbel, nos órganos de goberno e nos representantes do alumnado a presenza equilibrada entre mulleres e homes.
3. Fomentar igualdade entre homes e mulleres, tendo en conta o previsto nos artigos 17 e 18 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
4. Introducir na programación didáctica referencia ás contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
5. Eliminar da docencia as imaxes estereotipadas de homes e mulleres e mudalas por outras que fomenten a igualdade.

Prioridades de actuación

1. Informar periodicamente o alumnado da súa evolución en canto á aprendizaxe do idioma e do seu dominio das competencias lingüísticas.
2. Impulsar e fomentar a participación do centro en proxectos europeos.
3. Impulsar o interese pola lecto-escritura desde a biblioteca a través de proxectos comúns a todas as linguas.
4. Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias a través dos medios de comunicación e información.
5. Mellorar a competencia dixital e pedagóxica do profesorado.

As medidas e recursos de organización e de xestión para a consecución dos obxectivos establecidos.

Medidas e recursos de organización

1. Para dar resposta ás necesidades da contorna, promoverase o uso da biblioteca, e dos postos informáticos para dar acceso ás fontes de información tanto dixitais como físicas. Para isto será prioritario que o Equipo de Dinamización da Biblioteca dispoña dos recursos necesarios para a adquisición de materiais e para a súa difusión, así como para que sexa posíbel a súa promoción entre o alumnado.
2. Para favorecer a convivencia e a integración do profesorado, alumnado e o resto do persoal non docente, organizaranse actividades dentro e fóra do centro ás que poidan asistir todos os integrantes da comunidade educativa: clubs de lectura, concertos, comidas, saídas etc.
3. Para crear e favorecer un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa realizaranse enquisas periódicas para detectar posíbeis problemas entre os membros da comunidade educativa, que se tentarán solucionar con reunións nas que se poidan achegar solucións. Ao fío da resolución de conflitos, reunirase a Comisión de Convivencia coa frecuencia que for necesaria.

Medidas e recursos de xestión

A xestión económica do centro será fundamental para a consecución dos seguintes obxectivos:

1. Para difundir prácticas de aforro e de reciclaxe de papel, adecuando as novas tecnoloxías ao funcionamento interno de forma que se reduza o consumo de papel e se axilicen os trámites, fixarase un número máximo de fotocopias por alumno á semana e para os exames axústase, na medida do posíbel, o número de fotocopias á previsión do alumnado que se presentará aos exames, non de todo o alumnado que figurar nas listaxes.

Promoverase o uso da Aula Virtual do centro e dos medios telemáticos para a docencia.

2. Para promover o consumo enerxético responsable (electricidade, auga, calefacción) e a optimización dos recursos, procurarase conseguir unha homoxeneidade de temperatura reforzando con radiadores eléctricos de baixo consumo aqueles espazos máis fríos.

Concienciarase a comunidade educativa do aforro no consumo de enerxía eléctrica, procurando, conforme as condicións de cada momento, acender o menor número de lámpadas posíbeis e apagando todos os equipos informáticos axeitadamente.

A compra de material de oficina, en xeral, realizarase desde a Secretaría e estará dispoñíbel na conserxaría. Deste xeito, ademais de conseguírense mellores prezos, pode responderse igualmente ás necesidades de todo o persoal do centro.

3. Proporcionarase ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade, fornecéndolle o material e o mobiliario necesario para o desenvolvemento das súas funcións. Con este fin, todo o centro está equipado con material informático suficiente. Cumprirá mantelo e anvalo conforme ás necesidades.
4. Para fomentar o uso das fontes de información tanto impresas coma dixitais a través da biblioteca, tanto ás subscricións de xornais e revistas como a compra de todo o material bibliográfico e audiovisual coordinarase a través do Equipo de Dinamización da Biblioteca en colaboración coa Vicedirección e a Secretaría.
5. Para crear e favorecer un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa e mais para potenciar as estruturas de coordinación para a xestión do centro, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias, propóranse dende a CCP normas e prioridades de investimento vinculantes para todo o curso sen prexuízo das revisións que poida haber dende a Secretaria.

Contarase coas propostas da CCP antes de elaborar os orzamentos que atinxan ás actividades culturais.

A Secretaría reunirase ao inicio do ano académico, coas xefaturas de departamento e coa Xefatura de Estudos adxunta da Sección de Sarria e revisará a situación económica de cada departamento. No caso das xefaturas que continúan do curso anterior; e no caso das xefaturas cuxo nomeamento é novo,

alén dos datos económicos, tamén recibirán a información sobre o procedemento para o pedimento de material de oficina e para o pagamento de actividades culturais.

Igualaranse as cantidades que por actividades semellantes se paguen en todos os departamentos didácticos.

Estableceranse así mesmo canles de comunicación con todos os colectivos da Comunidade Escolar para atender, na medida do posíbel, as súas demandas. O Equipo Directivo realizará periodicamente enquisas de avaliación da PXA adaptadas a cada colectivo nas que pedirán propostas de mellora do centro. Ademais establecerá outras canles de comunicación cos distintos colectivos:

Co alumnado: a través da Xunta de Delegados e dos representantes do Consello Escolar, que se comunicarán co Equipo Directivo, a través da Xefatura de Estudos, como portavoces das demandas do alumnado (material didáctico, TIC, mobiliario etc).

Co profesorado: comunicará as súas demandas a través das reunións da CCP, Consello Escolar e Claustro, ou do contacto directo co Equipo Directivo.

Co PAS: realizaranse reunións periódicas coa Secretaría e coa Dirección.

As relacións con institucións, organismos ou entidades para a consecución dos obxectivos previstos.

As iniciativas e programacións de actividades académicas e culturais non serían posíbeis sen unha extensa rede de colaboracións con distintos organismos, institucións, entidades, asociacións e persoas coas que a Escola Oficial de Idiomas de Lugo traballa en conxunto pola promoción da aprendizaxe das linguas e da diversidade cultural.

Desenvolvemos a nosa proposta seguindo unha liña de traballo que favoreza as relacións da Escola Oficial de Idiomas coas institucións, establecendo canles de participación e comunicación que axuden a acadar os obxectivos que nos propoñemos.

Institucións coas que colabora o centro

- Secretaría Xeral de Política Lingüística, co fin de:
 - Potenciar o uso da lingua galega (a través de axudas ao EDLG)
 - Impartir cursos de actualización e perfeccionamento atendendo a demanda da sociedade (oferta de cursos Celga e Linguaxe administrativa).
- Centro de Formación e Recursos, co fin de:
 - Impulsar a innovación e a formación continua do profesorado do centro (Plan de formación)
 - Impartir cursos de actualización e perfeccionamento atendendo a demanda do profesorado alleo ao centro (cursos de CALC, CFR etc.)
- Equipo de Orientación Específico, co fin de:
 - Establecer mecanismos para atender as persoas con discapacidades físicas e/ou sensoriais (asesoramento, adaptación de probas...)
 - Fomentar o uso das fontes de información tanto impresas como dixitais a través da biblioteca (colaboración co voluntariado de biblioteca)
- Institucións educativas doutros países, co fin de:
 - Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no Centro (proxectos internacionais, Erasmus+...)
- Centros escolares da contorna, co fin de:
 - Potenciar a coordinación entre os equipos directivos, para fomentar o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
 - Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias. (Actividades de promoción da escola, presentación da escola como institución ao alumnado deses centros)
- Administracións e asociacións locais, co fin de:

- Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias.
- Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
- Centros escolares do recinto, co fin de:
 - Promover o consumo enerxético responsable (electricidade, auga, calefacción) e a optimización dos recursos.
 - Crear e favorecer un bo clima de convivencia, de confianza e de traballo entre todos os membros da comunidade educativa.
- Outras escolas oficiais de idiomas, co fin de:
 - Participar en foros de debate sobre a mellora da organización, funcionamento e finalidade das escolas oficiais de idiomas.
 - Potenciar as estruturas de coordinación didáctica, tanto de idioma, ciclo e curso, como de departamentos docentes, fomentando o traballo en equipo e o intercambio de experiencias.
- SEPIE e organismos europeos, co fin de:
 - Contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, a través do contacto cos falantes e cos ámbitos culturais propios dos idiomas cuxo ensino se imparte no Centro (proxectos internacionais, Erasmus+, E-Pale...).
 - Impulsar a innovación e a formación continua do profesorado e do persoal de administración e servizos, facilitando o acceso ás actividades e recursos das institucións.
 - Fomentar a realización no centro de actividades de formación e perfeccionamento pedagóxicos nas que poidan participar todos os membros do claustro.
 - Desenvolver ferramentas de avaliación do labor didáctico e do funcionamento dos grupos de traballo.
 - Impulsar e fomentar a participación do centro en proxectos europeos, de intercambios de alumnado e de profesorado e tamén a incorporación de profesorado nativo de apoio, como auxiliares de conversa.
- Medios de comunicación, co fin de:

- Dar a coñecer a escola como o centro de referencia para a aprendizaxe de linguas e a certificación das competencias.
- Fomentar o plurilingüismo e o respecto pola pluralidade cultural.
- Fomentar o interese e a ilusión pola aprendizaxe das linguas.
- Potenciar os mecanismos de comunicación apropiados que garantan unha adecuada información sobre as decisións, actividades e proxectos relacionados cos distintos sectores da comunicación escolar, tanto dentro como fóra do centro.

Os principios metodolóxicos e os criterios de selección de material didáctico.

Os principios metodolóxicos deben estar en concordancia coas pautas que se describen nos seguintes documentos e, sobre todo, estar ao servizo dos obxectivos que se describen neles:

- Nacións Unidas: Axenda 2030. Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos.
- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, foi modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, para a mellora da calidade educativa nalgúns aspectos concernentes ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. Así, no seu artigo 59.1, a Lei orgánica 2/2006 establece que estas ensinanzas se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL), que se subdividen, pola súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1 e C2.
- Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas. Consello de Europa/Xunta de Galicia.
- Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, establécese o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de

idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.

- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece a Ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos Niveis Básico A1 e A2, Intermedio B1 e B2 e Avanzado C1 e C2 (DOG do 13 de agosto de 2018).
- Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Guía para a elaboración das programacións didácticas das EOI. Xunta de Galicia.

Principios metodolóxicos

Xa no preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) se fala do impacto que se espera da evolución da ciencia e da tecnoloxía no desenvolvemento da sociedade e de como afrontar os retos que se derivarán desta circunstancia.

Na devandita lei, expóñense tres niveis de actuación para mellorar estes aspectos:

- Mellorar a capacitación dos docentes, desenvolver as aptitudes necesarias para a sociedade do coñecemento e garantir o acceso de todos ás tecnoloxías da información e a comunicación.
- Facilitar o acceso xeneralizado aos sistemas de educación e formación, o que supón construír unha contorna de aprendizaxe aberta, facer a aprendizaxe máis atractiva e promocionar a cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión social.
- Abrir estes sistemas ao mundo exterior, o que exige mellorar a aprendizaxe de idiomas extranxeiros, aumentar a mobilidade e os intercambios e reforzar a cooperación europea.

Así mesmo, o artigo 5, desta lei, que foi modificada pola LOMLOE que se refire á aprendizaxe ao longo da vida indica:

1. Todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da vida, dentro e fóra do sistema educativo, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

2. O sistema educativo ten como principio básico propiciar a educación permanente. A tal efecto, preparará ao alumnado para aprender por si mesmos e facilitará ás persoas adultas a súa incorporación ás distintas ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe con outras responsabilidades e actividades.
3. Para garantir o acceso universal e permanente á aprendizaxe, as diferentes administracións públicas identificarán novas competencias e facilitarán a formación requirida para a súa adquisición.
4. Así mesmo, corresponde ás administracións públicas promover ofertas de aprendizaxe flexibles que permitan a adquisición de competencias básicas e, no seu caso, as correspondentes titulacións a aqueles rapaces e adultos que abandonaron o sistema educativo sen ningunha titulación.
5. O sistema educativo debe facilitar e as administracións públicas deben promover que toda a poboación chegue a acadar unha formación de educación secundaria postobligatoria ou equivalente.
6. Corresponde ás administracións públicas facilitar o acceso á información e á orientación sobre as ofertas de aprendizaxe permanente e as posibilidades de acceso a estas.

No ano 2023, despois dos grandes cambios que se produciron na sociedade dos últimos anos, cada vez se fai máis patente a necesidade de implicar as escolas na consecución dos obxectivos da Unión Europea a teor da educación, como se describen nun nivel xeral na Axenda 2030, e, máis polo miúdo, na lexislación de educación vixente.

Se extraemos as ideas principais sobre a educación e os obxectivos principais da aprendizaxe ao longo da vida dos documentos que se mencionan máis arriba, concluiremos que as liñas metodolóxicas que sigamos nas aulas deben:

- Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos. (Axenda 2030)
- Construír unha contorna de aprendizaxe aberta, facer a aprendizaxe máis atractiva e promocionar a cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión social. (LOE)
- Abrirse ao mundo exterior, o que exige mellorar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros, aumentar a mobilidade e os intercambios e reforzar a cooperación europea. (LOE)

- Axudar ao alumnado a desenvolver a capacidade de regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor. (LOE)
- Permitir adoptar as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o que dispón a lei, conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe, facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira. (LOE)
- Facilitar a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo a través das contornas virtuais de aprendizaxe, que deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. (LOE)
- Permitir ao alumnado o acceso, desde calquera sitio e en calquera momento, ás contornas de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes en que estuden, con pleno respecto ao que se dispón na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. (LOE)
- Promover os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornas virtuais de aprendizaxe. (LOE)
- Contribuír a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poida formarse no seu uso crítico, desde a biblioteca escolar. (LOE)

A teor da lexislación específica de aprendizaxe dos idiomas, os principios metodolóxicos están reflectidos no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. As ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das distintas actividades de lingua, polo que se deberá abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
2. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel.
3. Nestas situacións procurarase activamente a erradicación de calquera tipo de acción ou comportamento que implique unha linguaxe sexista, o cuestionamento

de estereotipos de xénero desigualitarios ou calquera outro que puidese considerarse discriminatorio por orixe, raza ou condición.

4. Os enfoques metodolóxicos estarán orientados á acción e crearán contextos de aprendizaxe que, por unha parte, axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e que, por outra banda, fomenten a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto na aula coma fóra dela.

Concreción do proxecto educativo da escola: liñas metodolóxicas

Se existe, hoxe en día, unha proposta que garanta unha educación de calidade e inclusiva, que proporcione unha situación de aprendizaxe flexible, persoal e sen barreiras, baseada na neuroeducación e que promova o pensamento crítico, a participación activa do alumnado e a aprendizaxe profunda, esa proposta é, sen dúbida, o deseño universal da aprendizaxe.

O deseño universal de aprendizaxe é un marco conceptual, dinámico e colaborativo, que implica o uso na aula de diversas estratexias metodolóxicas diferentes, é un modelo, unha guía.

Di Coral Elizondo no seu libro Neurociencia y diseño universal del aprendizaje (2022):

El DUA permite planificar desde el inicio oportunidades de enseñanza y aprendizaje ricas y variadas para todo el alumnado, logrando, así, aprendices expertos decididos, motivados, comprometidos con la tarea, capaces de identificar los recursos adecuados y de desarrollar estrategias y cumplir las metas.

Descrición do modelo DUA

Nas páxinas seguintes, presentaremos os principios do Deseño Unisversal da Aprendizaxe, para iso valerémonos de cores, que axudan a recoñecer e diferenciar os tres principios.

Proporcionar múltiples formas de implicación:

1 Proporcionar opcións para captar o interese:

1.1 Optimizar a elección individual e a autonomía

1.1.1 Informar ao alumnado ao inicio do curso e ao inicio de cada unidade didáctica dos obxectivos que se busca acadar e as ferramentas que se poden seguir.

1.1.2 Presentar a información nun formato flexible de xeito que poidan modificarse as características perceptivas. Por exemplo, presentar os materiais en formato editable e que pertenzan ao dominio público (sen dereitos de autor), de xeito que o o/a alumno/a poida modificar o tamaño da letra, o contraste nas imaxes...

1.1.3 Permitir ao alumnado participar no proceso de deseño das actividades de clase e das tarefas académicas.

1.1.4 Involucrar o alumnado, sempre que sexa posible, no establecemento dos seus propios obxectivos persoais académicos e condutuais.

1.2 Optimizar a relevancia, o valor e a autenticidade

1.2.1 Resaltar a utilidade e a importancia da aprendizaxe e amosar a súa relevancia mediante actividades reais e significativas.

1.2.2 Proporcionar diferentes opcións que optimicen o que é relevante, valioso e significativo para cada un dos estudantes para, deste xeito, darlle a oportunidade a que todo o alumnado se implique por igual.

1.2.3 Variar as actividades e as fontes de información para que poidan ser personalizadas e estar contextualizadas na vida real ou nos intereses do alumnado, apropiadas á idade e á capacidade, así como ás diferentes razas, culturas, identidades...

1.2.4 Desdeñar actividades que proporcionen resultados auténticos, comunicables a unha audiencia real e que reflectan un claro propósito para as persoas participantes.

1.2.5 Proporcionar tarefas que permitan a participación activa, a exploración e a experimentación.

1.2.6 Promover a elaboración de respostas persoais, a avaliación e a autoreflexión cara ás actividades.

1.2.7 Incluír actividades que fomenten o uso da imaxinación para resolver problemas novidades e relevantes, ou dean sentido ás ideas complexas de xeito creativo.

1.3 Minimizar a sensación de inseguridade e as distraccións

- 1.3.1 Facer preguntas para guiar o autocontrol e a reflexión, ademais de reforzar os aspectos positivos da aprendizaxe.
- 1.3.2 Crear rutinas de aula.
- 1.3.3 Utilizar gráficos, calendarios, programas, recordatorios etc que poidan incrementar a predictibilidade das actividades diarias.
- 1.3.4 Amosar a cada alumno/a representacións do seu progreso. (por exemplo, a través de gráficas, esquemas ou táboas que amosen o progreso ao longo do tempo.)
- 1.3.5 Proporcionar diferentes modelos de estratexias de autoavaliación.
- 1.3.6 Variación no ritmo de traballo, duración das sesións, dispoñibilidade dos descansos, tempos de agarda, a temporalización ou a secuencia das actividades.
- 1.3.7 Implicar en debates a todo o alumnado da clase.
- 1.3.8 Usar listas de comprobación para a avaliación ou exemplos de prácticas ou traballos de alumnado avaliado con anotacións e comentarios.

2 Proporcionar opcións para manter o esforzo e a persistencia:

2.1 Resaltar a relevancia das metas e os obxectivos

- 2.1.1 Ofrecer os obxectivos de diferentes maneiras para guiar a aprendizaxe.
- 2.1.2 Distribuír as actividades de forma organizada e clara, de maneira que o alumnado coñeza que é o que debe facer en cada momento (pódense usar gráficos que reflictan o que cadaquén debe facer, por exemplo).
- 2.1.3 Ofrecer ao alumnado listas de cotexo para que comprobe se acadou as metas e os obxectivos.

2.2 Variar os niveis de exigencia e os recursos para optimizar os desafíos

- 2.2.1 Establecer diferentes graos de complexidade dentro das tarefas para atender a diversidade e conseguir manter a motivación do alumnado.
- 2.2.2 Ofrecer información en diferentes fontes e soportes para acadar as metas e obxectivos propostos.

2.3 Fomentar a colaboración e a comunidade

- 2.3.1 Propiciar a colaboración entre iguais a través do traballo en parellas ou en grupo, en que o alumnado comparta os seus coñecementos e as súas experiencias.
- 2.3.2 Crear grupos de colaboración con roles e con responsabilidades claras.
- 2.3.3 Promover a intervención de todo o alumnado no proceso de aprendizaxe, tanto nas clases presenciais coma nas diferentes plataformas, e procurar a súa participación nas actividades non lectivas.
- 2.3.4 Variar os grupos de traballo para crear comunidade.
- 2.3.5 Crear expectativas para o traballo en grupo, a través de normas ou indicacións.

2.4 Utilizar a retroalimentación orientada cara a mestría nunha tarefa

- 2.4.1 Identificar o erro como un modo de aprendizaxe.
- 2.4.2 Identificar o traballo ben realizado para promover o reforzo positivo.
- 2.4.3 Valorar o esforzo e a mellora do alumnado a través de comentarios positivos.
- 2.4.4 Promover a reflexión sobre se a tarefa se realizou de modo correcto para acadar as metas e os obxectivos propostos.

3 Proporcionar pautas para a autorregulación:

3.1 Promover expectativas e crenzas que optimizan a motivación.

- 3.1.1 Realizar actividades de distinta natureza relacionadas cos seus intereses.
- 3.1.2 Establecer obxectivos e metas persoais que permitan marcar proxectos de vida realistas con expectativas reais.
- 3.1.3 Crear na aula unha cultura de apoderamento do alumando para que sexan capaces de "saber sobre", "saber como" e saber por que e cando" utilizando estratexias como rutinas de pensamento, destrezas de pensamento ou claves de pensamento.

3.2 Facilitar estratexias e habilidades persoais para afrontar os problemas da vida cotiá.

- 3.2.1 Traballar na aula estratexias de habilidades sociais.
- 3.2.2 Acompañar os obxectivos dunha rúbrica que lles permita facer un seguimento do seus avances.
- 3.2.3 Usar modelos e situación reais sobre habilidades para afrontar problemas (titorías afectivas).
- 3.2.4 Exercitar habilidades para afrontar situacións conflitivas: convivencia positiva, círculos restaurativos...
- 3.2.5 Proporcionar a titoría entre iguais para modelar o proceso de establecemento de metas persoais.

3.3 Desenvolver a autoavaliación e a reflexión.

- 3.3.1 Proporcionar rúbricas ou outras ferramentas que permitan ao alumando reflexionar sobre a súa propia aprendizaxe.

Igual que os estudantes non perciben e comprenden a información da mesma maneira, tamén son diferentes no xeito de expresar o que saben. Por iso, é importante darlle diferentes oportunidades de expresar o que aprenderon. Para isto, precisamos:

4 Proporcionar materiais cos que todos os estudantes poidan interactuar. Os materiais curriculares deben ter un deseño adecuado e proporcionar ferramentas accesibles para todos.

4.1 Variar os métodos para a resposta e a navegación:

4.1.1 Proporcionar alternativas nos requisitos de ritmo, prazos e motricidade necesarias para interactuar cos materiais educativos.

4.1.2 Proporcionar alternativas para dar respostas físicas ou por selección (por exemplo, alternativas a marcar cun lapis ou bolígrafo, alternativas para controlar o rato).

4.1.3 Proporcionar alternativas para as interaccións físicas cos materiais a través das mans, a voz, os conmutadores, joysticks, teclados ou teclados adaptados.

4.2 Optimizar o acceso ás ferramentas e os produtos e tecnoloxías de apoio e recorrer ás ferramentas TIC para mellorar a accesibilidade:

4.2.1 Seleccionar software que permita traballar con teclados alternativos e teclas de acceso.

4.2.2 Proporcionar comandos alternativos de teclado para as accións co rato.

5 Proporcionar opcións para a expresión e a comunicación.

5.1 Usar múltiples medios de comunicación:

5.1.1 Equilibrar la expresión en múltiples medios como: texto, voz, debuxo, ilustración, diseño, cine, música, movemento, arte visual, escultura ou vídeo.

5.1.2 Usar obxectos físicos manipulables (fichas, tarxetas, *realia*,...).

5.1.3 Usar medios sociais e ferramentas Web interactivas (por exemplo, foros de discusión, chats, deseño Web, ferramentas de anotación, guiós gráficos, viñetas de cómic, presentacións con animacións).

5.1.4 Ofrecer posibilidades para que el alumnado exprese la información en distintos medios.

5.1.5 Resolver as tarefas utilizando estratexias variadas.

5.1.6 Permitir a realización de diferentes produtos para expresar ea aprendizaxe.

5.1.7 Promover unha evaluación auténtica.

5.1.8 Diseñar instrumentos de evaluación diversos.

5.1.9 Brindar a posibilidade de escoler na avaliación, combinando as opcións coas consignas obrigatorias para todo o alumnado.

5.2 Usar múltiples ferramentas para a construción e a composición.

5.2.1 Empregar a tecnoloxía para a aprendizxe e o coñecemento.

5.2.2 Proporcionar correctores ortográficos e gramaticais, así como software de predicción de palabras.

5.2.3 Proporcionar software de recoñecemento e conversores texto-voz, dictados, gravacións, narración dixital, etc.

5.2.4 Proporcionar comezos ou fragmentos de frases.

5.2.5 Usar páxinas web de literatura, ferramentas gráficas, ou mapas conceptuais, etc.

5.2.6 Usar aplicacións Web (por exemplo, wikis, animacións ou presentacións).

5.2.7 Proporciona unha variedade de respostas correctas.

5.3 Definir competencias con niveis de apoio graduados para a práctica e a execución.

5.3.1 Diseñar actividades utilizando a [taxonomía de Bloom](#). (Procesos cognitivos: recordar, comprender, aplicar, analizar, evaluar, crear).

5.3.2 Proporcionar diferentes mentores (por exemplo, profesores/titores de apoio, que utilicen distintos enfoques para motivar, guiar, dar feedback ou informar, biblioteca tutorizada, grupos interactivos, parellas lectoras, tutoría entre iguais, parellas cooperativas, mentor de deberes...).

5.3.3 Ofrecer a andamiaxe necesaria para que os estudantes poidan construír o coñecemento.

5.3.4 Proporcionar apoios que poidan ser retirados gradualmente a medida que aumentan a autonomía e as habilidades (por exemplo, integrar software para a lectura e a escritura).

5.3.5 Proporcionar diferentes modelos de simulación (por exemplo, modelos que demostren os mesmos resultados pero utilizando diferentes enfoques, estratexias, habilidades, etc.).

5.3.6 Proporcionar diferentes tipos de feedback (por exemplo, feedback que é accesible porque pode ser personalizado para aprendizaxes individuais).

6 Proporcionar opcións e apoios para a función executiva ou de máis alto nivel. Trátase de actividades mentais complexas que permiten planificar, organizar, asociar ideas, revisar, regularizar e avaliar o comportamento necesario para adaptarse á contorna e acadar os obxectivos que se fixaron.

6.1 Guiar o establecemento adecuado de metas

6.1.1 Graduar as tarefas de menor a maior complexidade.

6.1.2 Proporcionar chamadas e apoios para estimar o esforzo, os recursos e a dificultade.

6.1.3 Facilitar modelos ou exemplos do proceso e o resultado da definición das metas.

6.1.4 Proporcionar pautas e listaxes de comprobación para axudar na definición dos obxectivos.

6.1.5 Poñer as metas, obxectivos e plans nun lugar visible. (Ter sempre á disposición do alumnado os obxectivos do curso e os de cada unidade didáctica, así como proxectar o plan de cada clase).

6.2 Apoiar a planificación e o desenvolvemento das estratexias.

6.2.1 Recorrer ás autoinstrucións para axudar os estudantes no desenvolvemento das estratexias..

6.2.2 Facilitar na aula o uso de planificadores.

6.2.3 Utiliza o método Kaizen, que se basea na idea de que, para obter cambios a longo prazo, é necesario empezar con pequenas accións continuas.

6.2.4 Integrar avisos que leven a “parar e pensar” antes de actuar, así como espazos adecuados para iso.

6.2.5 Incorporar chamadas a “amosar e explicar o seu propio traballo” (por exemplo, revisión do portafolio).

6.2.6 Proporcionar listas de comprobación e modelos de planificación de proxectos para comprender o que hai que facer, establecer prioridades, secuencias e temporalización dos pasos a seguir.

6.2.7 Incorporar instructores ou mentores que modelen o proceso “pensando en voz alta”.

6.2.8 Proporcionar pautas para dividir as metas a longo prazo en obxectivos acadables a curto prazo .

6.3 Facilitar a xestión da información e dos recursos, de xeito que apoiemos a organización e a memoria empregando ferramentas e procesos flexibles:

6.3.1 Utilizar organizadores gráficos para recopilar datos e ordenar a información.

6.3.2 Utilizar códigos de cores para categorizar.

6.3.3 Utilizar listaxes para ordenar a información e tomar notas.

6.3.4 Anotar na axenda aspectos que non se deben esquecer: tarefas pendentes, exames, citas, entrega de traballos.

6.3.5 Reforzar e acompañar nos procesos de xestión do tempo.

6.3.6 Impulsar nal aula actividades que estimulen o desenvolvemento do pensamento e contribúan a utilizar diversidade de habilidades e pensamento (integrar avisos para categorizar e sistematizar, proporcionar listas de comprobación y pautas para tomar notas).

6.4 Aumentar a capacidade para facer un seguimento dos avances:

6.4.1 Practicar unha retroalimentación orientada ao progreso e ao proceso.

6.4.2 Facer preguntas para guiar o auto-control e a reflexión.

- 6.4.3 Mostrar representacións dos progresos (por exemplo, do antes e o despois con fotos, gráficas e esquemas ou táboas que amosen o progreso ao longo do tempo, portafolios do proceso).
- 6.4.4 Instar os estudantes a identificar o tipo de feedback ou de consello que están buscando.
- 6.4.5 Usar modelos que guíen a auto-reflexión sobre a calidade e sobre o que se leva feito..
- 6.4.6 Proporcionar diferentes modelos de estratexias de auto-avaliación (por exemplo, role playing, revisións de vídeo, feedback entre iguais).
- 6.4.7 Usar listas de comprobación para a avaliación, matrices de valoración ou rúbricas e exemplos de prácticas ou traballos de estudantes avaliados con anotacións ou comentarios.
- 6.4.8 Anima e impulsa o "feedforward", é dicir, destaca o podemos mellorar para o futuro.

Os estudantes non son iguais no que se refire ao xeito en que perciben e comprenden a información. Por iso, para asegurarnos de que todo o alumnado é quen de percibir a información, é recomendable:

7 proporcionar opcións para a percepción: O impacto na aprendizaxe é maior cando presentamos a información de modo visual e auditivo:

7.1 Ofrecer formas de personalizar a visualización da información, por exemplo:

7.1.1 insertando gráficos ou infografías que axuden a comprender a información

7.1.2 usando contraste de cores

7.1.3 empregando un todo e velocidade adecuados

7.1.4 mudar o tipo de fonte e/ou empregar un tipo de letra ou outro

7.2 Ofrecer alternativas para a información auditiva, por exemplo:

7.2.1 empregando convertidores de voz a texto

7.2.2 empregando, cando sexa posible, subtítulos, imaxes, metáforas visuais, linguaxe corporal

7.3 Ofrecer alternativas á información visual, por exemplo:

7.3.1 Usando gravacións que permitan seguir o texto

7.3.2 facendo descrições de imaxes, gráficos, videos etc.

8 Proporcionar opcións para a linguaxe a os símbolos: Unha extratexia educativa é asegurarse de que facilitamos a accesibilidade, a claridade e a comprensión se nos aseguramos de proporcionar representacións alternativas:

8.1 Aclarar vocabulario e símbolos: é preciso construír significado a partir de palabras e símbolos usando diferentes representacións, por exemplo:

8.1.1 traballando con glosarios deseñado polos propios estudantes

8.1.2 suliñando ou destacando o vocabulario clave

8.1.3 empregando etiquetas, debuxos ou símbolos

8.1.4 aclarando o vocabulario no só mediante definicións, senon tamén mediante imaxes, notas a pé de páxina ou audios.

8.1.5 permitindo o uso do dicionario segundo a actividade

8.2 Aclarar a estrutura, por exemplo:

8.2.1 mediante esquemas sinxelos, índices, guións, etc

8.2.2 empregando organizadores gráficos que relacionen os elementos

8.2.3 destacando as relacións entre conceptos

8.3 Apoiar a decodificación de textos, por exemplo:

8.3.1 complementar co uso de recurso educativos de audio

8.3.2 permitir o uso de texto a voz

8.3.3 empregar texto dixital con narrador (Daisy Talking books)

8.3.4 ofrecer aclaración dos símbolos mediante listaxes de termos chave

8.3.5 permitir flexibilidade e acceso doado a múltiples representacións de notación cando sexa apropiado

8.4 Ilustrar a través de múltiples medios, por exemplo:

8.4.1 incluído ilustracións, táboas ou diagramas.

9 Proporcionar opcións para a comprensión: recoñecer a información non equivale a comprendela. Por iso, o alumnado debe ser quen de transformar a información accesible en coñecemento que poda empregar.

9.1 Activar coñecementos previos, preparando ao alumnado para as actividades de aprendizaxe, por exemplo:

9.1.1 Empregando cuestionarios

9.1.2 mediante imaxes

9.1.3 mediante organizadores gráficos

9.1.4 realizando actividades auténticas e significativas que permitan o alumnado establecer relacións cos coñecementos previos.

9.1.5 vincular a información con outras áreas de coñecemento.

9.2 Destacar patróns, características fundamentais, ideas principais e as relacións que existen entre elas coa finalidade de resaltar a información importante, por exemplo:

9.2.1 empregando sistemáticamente organizadores gráficos (mapas conceptuais, por exemplo).

9.2.2 usando un código de cores que axude a memorizar

9.2.3 resaltando os elementos clave nos textos, diagramas etc.

9.3 Guiar o procesamento da información, é dicir, apoiar o proceso de creación de significado a través de modelos, andamios e retroalimentación, por exemplo:

9.3.1 ofrecendo indicacións explícitas para cada caso nun proceso.

9.3.2 empregando guións, pasos ou tutoriais

9.3.3 ofrecendo modelos

9.3.4 fraccionando e organizando a información

9.3.5 eliminando distraccións innecesarias

9.4 Maximizar a transferencia e a xeralización da información, de xeito que o aprendido sexa 'transportable' á vida real, por exemplo:

9.4.1 empregando listas de verificación, organizadores, recordatorios electrónicos...

9.4.2 promovendo o uso de estratexias e recursos mnemotécnicos

9.4.3 incorporando oportunidades para repasar e practicar o aprendido

9.4.4 facilitando plantillas, organizadores gráficos, mapas conceptuais...

9.4.5 conectando a información nova co coñecemento previo

- 9.4.6 incorporando novas ideas ou contidos en contextos familiares (por exemplo, metáforas, música, películas...)
- 9.4.7 buscando oportunidades para repasar as ideas clave
- 9.4.8 deseñando actividades ricas e variadas que resulten estimulantes
- 9.4.9 promovendo a metacognición e o *feedback* centrados na tarefa

Criterios de selección de materiais e recursos didácticos.

A selección de materiais e recursos didácticos adecuados para a consecución dos obxectivos de curso é fundamental para garantir o éxito do alumnado. Porén, é fundamental lembrar que os medios, materiais e recursos que se escollan serán adecuados, ou non, en función do uso que se lles dea na aula e do valor que teñan como ferramenta de apoio nas actividades que desenvolva tanto o alumnado como o profesorado.

Na selección de materiais e recursos didácticos débense ter en conta os seguintes criterios:

- Manter unha correspondencia directa entre os obxectivos de aprendizaxe e o tipo de material e recursos educativos. O material e os recursos deben axudar a fomentar que o alumnado acade a capacidade ou capacidades indicadas polos obxectivos e competencias.
- Utilizar materiais e recursos que estean orientados á acción e que creen contextos de aprendizaxe que axuden ao alumnado a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe.
- Manter unha correspondencia entre o material educativo e as habilidades, destrezas, experiencias e expectativas do alumnado, así como a súa idade cronolóxica. Así mesmo, debe conectar cos intereses do alumnado.
- Seleccionar material didáctico que sexa preciso, claro e informativo e que non faga complexa a tarefa de aprendizaxe do alumnado, senón que a facilite.
- Garantir que o material didáctico sexa accesible para todo o alumnado, por iso, é recomendable optar por material dixital que permite modificar cores, sons, fontes, tamaños, medios, tipos de tarefas etc, de xeito que ofrezca alternativas para que sexa realmente útil e inclusivo para todos. O material debería incluír recursos auténticos en diferentes soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais.
- Empregar material didáctico que, dentro dos obxectivos que se pretendan acadar, permita a resolución da tarefas por distintas vías (?)
- Seleccionar material que facilite o procesamento da información e que guíe ao alumnado na consecución da tarefa final.
- Empregar material didáctico que fomente o traballo en grupo ou parellas, é dicir, a colaboración, a comunicación e a creación dunha comunidade.
- Seleccionar material didáctico que motive ao alumnado e que fomente a autoavaliación e a reflexión do proceso de aprendizaxe.
- Incluír material para activar ou repasar coñecementos previos.
- Seleccionar material que lle permita ao alumnado ser consciente do seu progreso.
- Empregar material didáctico que fomente a autonomía do aprendizaxe, engadindo retroalimentación para aprender dos erros ou afianzar os obxectivos acadados.

- Empregar material didáctico que promova expectativas que optimicen a motivación.
- Empregar material didáctico que desenvolva as competencias para afrontar problemas reais e da vida cotiá.
- Empregar o material didáctico escollido no momento máis oportuno da clase ou unidade didáctica e debe ser operativo. Cómpre lembrar que o material é un medio e non a finalidade do proceso de aprendizaxe.
- Os materiais didácticos deben propor situacións de aprendizaxe: deben favorecer a aprendizaxe por competencias e deben contribuir a que:
 1. O alumnado teña un papel activo na construción do seu coñecemento.
 2. O alumnado empregue tarefas de aprendizaxe reais na aula. Estas tarefas deberían reflectir como usar os coñecementos e habilidades fóra da aula.

Documentos para a escolla dos libros de texto

		1	2	3	4	5
FORMATO DO LIBRO	Encadernación (solidez)					
	Manexabilidade (tamaño)					
	Custo					
	Texto (tipo e tamaño de letra)					
	Estilo (esquemático, textos longos ou curtos...)					
DESEÑO GRÁFICO	Estrutura interna (marxes, encabezados...)					
	Ilustracións (estética, adecuación, calidade, proporción)					
	Esquemas (vocabulario, gramática, obxectivos, contidos, estratexias...)					
	Táboas (vocabulario, gramática, obxectivos, contidos, estratexias...)					
	Gráficos					
OS MATERIAIS	Son coherentes cos seus principios metodolóxicos?					
	Manteñen unha secuencia coherente e organizada das súas propostas de aprendizaxe?					
	Organízanse en torno ás tarefas que se propoñen?					
	Inclúen información sobre as competencias xerais que lle poden ser útiles ao alumnado para levar a cabo as tarefas?					
	Sitúan ao mesmo nivel as competencias comunicativas lingüísticas, as pragmáticas e as sociolingüísticas?					
	Conteñen material impreso, sonoro e visual, ou unha combinación deles?					
	A súa variedade permite respectar os estilos de aprendizaxe?					
	Son atractivos e agradábeis na súa presentación gráfica, visual ou sonora?					
	Son compatíbeis co enfoque orientado á acción?					
	Son axeitados para a nosa programación?					
OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS						

AS ACTIVIDADES, OS CONTIDOS E OS TEMAS PROPOSTOS	Son adecuados para a idade e as características do noso alumnado?					
	Son actuais e están próximos á experiencia diaria do noso alumnado e dos falantes actuais da lingua?					
O NIVEL	Teñen referencia a un nivel do Marco Común Europeo?					
	Respéctase de xeito coherente, sen saltos nin variacións?					
OS CONTIDOS	Coinciden en grande medida os contidos comunicativos, lingüísticos e culturais propostos cos contidos da nosa programación?					
	Trabállanse en función das necesidades de cada tarefa?					
	Son comunicativas, é dicir, perseguen a capacitación do alumnado para usar a lingua?					
	Teñen en conta as necesidades do alumnado?					
AS ACTIVIDADES E AS TAREFAS QUE SE PROPOÑEN	Fomentan a práctica contextualizada da lingua?					
	Incentivan a participación do alumnado na súa planificación, análise e avaliación?					
	Manteñen o equilibrio entre a atención que se lle presta á forma e ao éxito na súa realización?					
	Permiten un adestramento equilibrado de todas as competencias?					
	Posibilitan o uso de estratexias de aprendizaxe?					
	Dan resposta á diversidade de intereses, de coñecementos e de capacidades?					
	Hainas individuais, por parellas, para pequenos grupos e para gran grupo?					
	Hai autoavaliacións?					
	Coinciden en gran medida os obxectivos propostos explícitos e implícitos das actividades e das tarefas cos obxectivos da nosa programación?					
OS OBXECTIVOS						
OS TEXTOS PROPOSTOS	Son actuais?					
	Son auténticos?					

Total:_____

Análise dos libros de texto

TÍTULO / EDITORIAL:

Adecuación ao currículo - contidos léxicos	
--	--

Adecuación ao currículo - contidos gramaticais	
Tratamento dos contidos gramaticais: táboas de gramática	
Comprensión lectora – Nivel de dificultade dos textos e explotación dos mesmos	
Comprensión auditiva - Nivel de dificultade das escoitas e das tarefas	
Expresión escrita: Tarefas de expresión escrita ben estruturadas?	
Expresión oral: Tarefas de presentación e interacción?	
Tratamento da pronunciación	
Recursos dixitais? (encerado dixital, CD-ROM, DVD...)	
Tratamento do vocabulario	

Libro do profesor con recursos?	
---------------------------------	--

A oferta formativa

Co paso dos anos, atendendo á demanda da sociedade e contando co apoio da administración educativa, a Escola Oficial de Idiomas de Lugo incrementou a súa oferta de estudos de linguas estranxeiras.

Na actualidade, existen cinco modalidades de matrícula:

1. Ensino oficial presencial, dos idiomas alemán, chinés, francés, portugués, inglés, galego e italiano, de acordo co disposto no Decreto 81/2018.
2. Ensino oficial semipresencial (nalgún curso de inglés e alemán).
3. Ensino a distancia, *That's English!*, regulado pola orde ESD/1742/2008, do 17 de xuño, pola que se regulan as características e se establecen a estrutura, o currículo e as probas correspondentes ao nivel básico e ao nivel intermedio das ensinanzas de réxime especial de Inglés adaptadas á modalidade de educación á distancia e pola Orde ECD/1211/2014, do 8 de xullo, que regula as características e establece a estrutura, o currículo e as probas correspondentes ao nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de inglés, adaptadas á modalidade de educación a distancia.
4. Ensino en liña, a través dos cursos de linguaxe administrativa.
5. Modalidade libre, que só realiza as probas de certificación dos niveis A2, B1, B2 e C1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas, nunha única convocatoria.

Alén do ensino que se menciona anteriormente, tamén se poden ofertar outros cursos para colectivos máis específicos:

- Cursos de linguaxe administrativa, de grao medio e superior, dirixidos ao persoal dependente da Administración autonómica, que se regula por unha orde que acada o ano natural.
- Cursos de preparación para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga), Orde de 16 de xullo de 2007, pola que regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega.

- Cursos de formación de profesorado (CFR) impartidos polo profesorado do centro coa coordinación do Centro de Formación e Recursos de Lugo.
- Cursos monográficos de expresión oral.
- Cursos CALC niveis B2 e C1: as escolas oficiais de idiomas, ademais da formación en linguas estranxeiras para toda a sociedade, ofrecen cursos de desenvolvemento da competencia comunicativa e lingüística para profesorado, en consonancia coas novas necesidades dos devanditos novos perfís docentes.
- Programa CUALE (Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado), vixente en Galicia dende o ano 2007 que, ao abeiro da *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia*, permite ao alumnado destes centros certificar o nivel que estea a cursar nas escolas oficiais de idiomas.

Directrices xerais para a elaboración e seguimento das programacións didácticas.

Elaboración da programación

Seguiranse as recomendacións que se fan na Guía para a elaboración das programacións didácticas das EOI publicada pola Xunta de Galicia en 2018 e adaptarase aos principios metodolóxicos que se reflicten neste documento.

Non poderá estar baseada nun libro en concreto, debe ser flexible e independente de materiais concretos. Debe favorecer a liberdade do profesor en canto recursos e materiais.

As unidades didácticas recollidas na programación deben basearse nos obxectivos e competencias do nivel correspondente en lugar de contidos semánticos, gramaticais, fonéticos ou doutro tipo. Deben ser orientativas e permitirlle ao profesorado adaptalas ás necesidades do seu alumnado para que sexa quen de acadar os obxectivos do nivel.

Avaliación da programación didáctica e proposta de revisión para o seguinte curso

Aspectos que se van avaliar	1	2	3	4	5	Propostas de mellora
Temporización das unidades didácticas						
Desenvolvemento dos obxectivos						
Adecuación das competencias ao nivel						
Adaptación das tarefas aos diferentes estilos de aprendizaxe						
Selección das estratexias metodolóxicas						
Recursos didácticos dispoñíbeis						
Adecuación dos contidos aos criterios de avaliación propostos nas probas de certificación						
Análise dos instrumentos de avaliación						
Autoavalaíón e coavaliación do alumando para fomentar a súa autonomía e responsabilidade no seu proceso de aprendizaxe.						
Eficacia da Aula Virtual para que o alumnado poida ampliar ou afondar no seu coñecemento						
Atención á diversidade						
Coordinación con outros departamentos						
Mecanismos para detectar necesidades de formación do profesorado						

Unidade		Adecuado	Non adecuado	Propostas de mellora
Temporización	Número de sesións			
	Situación no momento			
Metodoloxía	Motivación			
	Clima conseguido			
	Traballo en grupo			
	Traballo responsable reflexivo			
Recursos	Audios			
	Textos escritos			
	Uso das TICs			
	Pizarra dixital			
Competencias	Adecuación das competencias aos criterios de avaliación propostos nas probas de certificación			
Actividades	De motivación			
	De desenvolvemento			
	De reforzo			
	Actividades adaptadas			
Avaliación	Inicial			
	Final			
Atención á diversidade	Adaptación das actividades			

Interdisciplinariedade	Coordinación coa Biblioteca e outros departamentos			
-------------------------------	--	--	--	--

Directrices xerais para a elaboración das actividades culturais e de promoción de idiomas.

As actividades culturais e de promoción dos idiomas estarán en consonancia cos obxectivos que se especifican neste documento e cos obxectivos e contidos das programacións.

Na medida do posíbel, as actividades programadas tenderán a incluírse en unidades didácticas deseñadas por tarefas.

A PXA definirá cada ano, despois de escoitar as propostas da CCP, o número e as áreas temáticas das actividades que se traballarán en todos os departamentos. O equipo de biblioteca axudará ao desenvolvemento destas actividades. Haberá polo menos unha actividade común a todos os departamentos cada curso, que será o fío condutor das xornadas culturais.

A escola favorecerá:

- As viaxes organizadas a países onde se fale a lingua de estudo, sempre que estean enmarcadas dentro dunha(s) unidade(s) didáctica(s). Estas viaxes faranse, preferibelmente, fóra dos días lectivos.
- As actividades promovidas por todos os departamentos didácticos, e, dun xeito especial, as que promovan o EDLG e o Equipo de Dinamización da Biblioteca, polo seu carácter xeral.
- As iniciativas da comunidade que promocionen o centro no exterior (actividades ou clases na rúa, colaboracións con outros centros e administracións).

Directrices para o funcionamento adecuado das titorías.

Plan de Acción Tutorial:

- Propor un horario de atención ao alumnado que se adecúe ás súas necesidades (preto das súas horas de clase).
- Promover o uso de aulas virtuais, espazos educativos na nube, blogs, correo electrónico e outras ferramentas informáticas, para reforzar o traballo na aula e, especialmente, para compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que non pode asistir á clase durante un período longo de tempo.
- Identificar as necesidades educativas do alumnado e asegurarlle os recursos necesarios para que poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e cumprir cos obxectivos establecidos do nivel no que están matriculados.
- Orientar e asesorar o alumnado sobre posibilidades académicas no estranxeiro, fomentando a participación en proxectos europeos, dentro do programa Erasmus+.
- Promover unha relación entre o alumnado e as titoras e os titores baseada na aceptación e confianza para proporcionar unha boa comunicación.

Plan de avaliación de todos os proxectos pedagóxicos e de funcionamento e de xestión da escola.

Obxectivos da avaliación do centro

A avaliación é unha estratexia encamiñada a mellorar a calidade educativa do centro que terá que en conta os seguintes aspectos:

- Coñecer a situación de partida do centro, das súas compoñentes organizativas e funcionais no momento en que se propón a avaliación.
- Detectar as dificultades que xurdan no desenvolvemento do modelo de actuación elixido.

- Detectar progresivamente os elementos positivos do seu funcionamento.
- Coñecer e valorar os resultados obtidos.
- Modificar o modelo de actuación do centro, de acordo coa información recollida e coa súa valoración.
- Potenciar os aspectos positivos e corrixir os negativos.
- Formular un modelo de actuación adecuado ao centro en función dos datos obtidos.

Compoñentes da avaliación do centro

Resulta difícil decidir que compoñentes do centro avaliar porque a súa selección esixe deixar de lado certos elementos que tamén poderían considerarse importantes. Esta é unha tarefa previa de planificación e deseño que cómpre abordar con moito rigor para avaliar aqueles aspectos que realmente se consideran de maior incidencia na calidade do centro e que requiren unha mellora inmediata.

Na Escola Oficial de Idiomas de Lugo, dende a dirección, dáse prioridade á mellora inmediata das seguintes compoñentes de índole material, persoal e funcional que avaliarán tres colectivos de maneira interna: Profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos.

Para o profesorado:

- a dotación de material no centro
- o clima escolar
- a formación
- a planificación das probas
- a comunicación co equipo directivo
- a organización de actividades culturais e de promoción dos idiomas
- o horario de traballo

Ao final de cada cuadrimestre cada profesor avaliará tamén todos os aspectos relacionados coa programación didáctica como, por exemplo, se:

- os contidos e obxectivos que o departamento determinou na programación didáctica son apropiados para este curso e nivel.
- se prevé cambiar algún contido e/ou obxectivo para o seguinte curso.
- se prevé incorporar nalgún curso algún contido ou obxectivo novo, ou desprazalo de curso, no mesmo nivel ou noutro diferente.
- son válidos os criterios de avaliación establecidos polo departamento para o curso.
- o alumnado completou a formación que se propuxo no departamento até este momento.
- houbo algunha carencia na redacción da programación didáctica e que agora se considera este aspecto necesario para o seu desenvolvemento.

Para o alumnado:

- a dotación de material TIC
- o xeito de transmitir a información
- os diferentes servizos (biblioteca, máquinas expendedoras...)
- a oferta educativa
- a oferta e organización de actividades lectivas e non lectivas
- o trato recibido polos distintos membros da comunidade educativa
- a súa aprendizaxe

Para o persoal de administración e servizo:

- a transmisión da información dende o equipo directivo
- a convivencia entre os membros deste colectivo

- a convivencia co persoal docente
- a eficacia dos aparellos de uso cotián
- a organización do espazo de traballo

Tipos de avaliación seguindo os axentes avaliadores

Consideramos fundamentalmente dous tipos de avaliación:

a) Avaliación interna:

Os axentes avaliadores son os propios integrantes da institución, é dicir, o profesorado, o alumnado e o persoal de administración e servizos. O mecanismo que se utiliza é a coavaliación para todos os colectivos (persoal docente, non docente e alumnado)

A autoavaliación: elíxese ese tipo de avaliación centrada no funcionamento do traballo individual cando os dous axentes coinciden na mesma persoa: o avaliador e o avaliado. É unha mirada autocrítica e obxectiva que se require para producir cambios.

A autoavaliación permite ao profesorado e ao persoal non docente reflexionar sobre a propia práctica docente ou non docente, polo que se establecerán mecanismos de reflexión e de autoavaliación nas reunións dos órganos de coordinación (CCP, RD, coordinacións, formación, reunións equipo do directivo).

A coavaliación: no noso centro eliximos esta fórmula para que distintos sectores do centro se avalíen mutuamente:

- o alumnado ao profesorado
- o alumnado ao equipo directivo
- o alumnado ao persoal de administración e servizos
- o profesorado ao persoal de administración e servizos
- o profesorado ao equipo directivo

A avaliación interna é imprescindible en todo centro educativo como para calquera actividade da vida cotiá. O centro necesita dispor de datos sobre o seu funcionamento,

co gallo de poder regular as súas accións e levala até os obxectivos que a comunidade escolar persegue.

b) A **avaliación externa** do centro prodúcese cando axentes expertos e non integrantes da institución avalían o seu funcionamento. No caso da Escola Oficial de Idiomas, esa función recae na Inspección Educativa e/ou nos departamentos de xestión de calidade do centros de ensino dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidadesa.

Fases da coavaliación

Avaliación inicial

É aquela que se realiza ao comezar o curso escolar e consiste na recollida de datos da situación de partida do centro. A análise e a interpretación destes datos proporcionan o diagnóstico que servirá para efectuar, se é necesario, as modificacións que afecten o funcionamento xeral nun prazo determinado.

Nesta avaliación, faise a análise das circunstancias que rodean o centro: as condicións físicas do centro como son:

Para o alumnado:

- o nivel de rendemento, as actitudes e as expectativas previas do alumnado.
- o número de aulas dispoñíbeis e a súa capacidade
- a oferta de grupos, os días e as franxas horarias
- a previsión de actividades de promoción do idiomas
- os recursos materiais que posúe cada aula (taboleiro dixital, encerados intelixentes, computadora dicionarios)
- a organización da información (taboleiros e páxina web)
- o funcionamento da plataforma CentrosNet
- o estado do material escolar non funxible (cadeiras, mesas, armarios)

- o estado da instalación eléctrica (interruptores, iluminación)
- o funcionamento da calefacción
- o estado de conservación dos aseos para o alumnado
- a capacidade da biblioteca e o fondo á disposición do alumnado
- o horario de apertura da biblioteca
- os espazos abertos destinados ao alumnado á entrada e á saída das clases
- a capacidade e o acondicionamento do aparcadoiro para coches e bicicletas
- a conservación da zona axardinada

Para o profesorado:

- o nivel de rendemento, as actitudes e as expectativas previas do alumnado e do profesorado
- o número de aulas dispoñíbeis e a súa capacidade
- os recursos materiais que posúe cada aula (taboleiro dixital, encerados intelixentes, computadora dicionarios)
- a organización da información (taboleiros e páxina web)
- o funcionamento da plataforma CentrosNet
- a previsión de actividades culturais e de promoción do idioma so espazo dispoñible nos departamentos e na sala de profesorado e a súa dotación en material informático e de consulta
- o estado do material escolar non funxible (cadeiras, mesas, armarios)
- o estado da instalación eléctrica (interruptores, iluminación)
- o funcionamento da calefacción
- o estado de conservación dos aseos para o profesorado

- a capacidade da biblioteca e o fondo á disposición do profesorado
- o horario de atención da biblioteca
- a previsión de actividades de formación
- a capacidade e o acondicionamento do aparcadoiro para coches e bicicletas
- a conservación da zona axardinada

Para o persoal de administración e servizos:

- o nivel de rendemento, as actitudes e as expectativas previas deste colectivo
- a dispoñibilidade de cada membro
- o espazo dispoñible na oficina, na conserxaría, na sala de limpeza e nos almacéns
- a dotación en material da oficina e da conserxaría
- a organización da información (taboleiros e páxina web)
- o funcionamento da plataforma CentrosNet
- o estado do material escolar non funxible (cadeiras, mesas, armarios)
- o estado da instalación eléctrica (interruptores, iluminación)
- o funcionamento da calefacción
- o estado de conservación do baño e aseos para o PAS
- o horario de apertura e atención ao público.
- a previsión de actividades de formación
- a capacidade e o acondicionamento do aparcadoiro para coches e bicicletas
- a conservación da zona axardinada

Para o equipo directivo:

- o nivel de rendemento, as actitudes e as expectativas previas do equipo directivo, do profesorado, do alumnado e do PAS
- a dispoñibilidade de cada membro
- a organización da información (taboleiros e páxina web)
- o funcionamento da plataforma CentrosNet.
- a previsión de actividades de promoción dos idiomas
- a asignación do profesorado e do persoal non docente
- o espazo dispoñíbele a dotación dos catro despachos
- o estado do material escolar non funxible (cadeiras, mesas, armarios)
- o estado da instalación eléctrica (interruptores, iluminación)
- o funcionamento da calefacción
- o horario de atención ao público e ao profesorado
- a organización do horario do profesorado e do PAS
- a previsión de actividades de formación
- a capacidade e o acondicionamento do aparcadoiro para coches e bicicletas
- a conservación da zona axardinada

En base a estes datos de entrada, á observación atenta de cada obxecto, á recollida de información grazas ás entrevistas formais ou informais segundo a importancia e a urxencia da situación, efectúase o diagnóstico necesario para saber se o centro, con esas circunstancias do contorno, do seu alumnado, do profesorado, cos recursos humanos e materias dos que dispón será capaz de conseguir as metas educativas que establece ou, polo contrario, se terán que modificar as súas expectativas.

Avaliación procesual

Recolleranse de maneira continua e sistemática os datos de funcionamento do centro, ao longo dun período dun curso escolar. Ademais da información recollida por medio da observación continúa, elaboraranse un máximo de dúas enquisas con escalas de valoración do 1 ao 5, para cada un dos tres colectivos (alumnado, profesorado, PAS) que se presentarán trimestralmente e as que cada axente poderá contestar de maneira totalmente anónima.

Por outra banda, establécese unha reunión ou entrevista formal, cunha periodicidade trimestral, previamente preparada, entre representantes do alumnado e a xefatura de estudos. Esta entrevista permite que a representante dos delegados de grupos comunique certos datos que o alumnado, de maneira individual, non accedería a facilitar polo seu carácter confidencial.

Esta información de modo permanente permite controlar se os obxectivos planificados están resultando segundo as previsións ou se, polo contrario, aparecen aspectos que desvirtúan os resultados e obrigan a reconducir de maneira inmediata a acción educativa ou de xestión que se está levando.

Avaliación final

Permitirá obter datos ao finalizar o período previsto para a realización dun traballo ou para a consecución dos obxectivos propostos (en xeral, un curso escolar). Esta información adoita referirse aos resultados obtidos polo centro como son o rendemento do alumnado, o clima escolar, o grao de satisfacción e actitudes de toda a comunidade escolar. Estes resultados finais deben de ser fiábeis, válidos e, polo tanto, útiles para a mellora do centro.

Plasmarase na memoria final de curso, de forma escrita, de maneira clara e sintética todo o proceso secuenciado, levado a cabo durante as distintas avaliacións así como as conclusións obtidas. Terase en conta o público receptor desta información para que o xeito de transmitir o seu contido sexa accesible. Inclúiranse as propostas de mellora que o equipo avaliador considera precisas e constarán como punto de partida dos obxectivos da Programación Xeral Anual do seguinte curso.

Transmitiranse tamén os resultados das avaliacións de forma oral nas reunións dos órganos de goberno (claustro e consello escolar), reunións pedagóxicas (de departamento e de coordinación pedagóxica) e nas reunións da Comisión de Convivencia.

Avaliación das liñas de prioridade de actuación do centro

Anexo 2.-Táboa de avaliación do Proxecto de Formación

Anexo 3.- Táboa de avaliación da atención ao alumnado

Anexo 4.- Táboa de avaliación das actividades culturais e de promoción dos idiomas.

Anexos

1. Enquisa de satisfacción sobre as clases
2. Táboa de avaliación da formación do profesorado
3. Táboa de avaliación da atención ao alumnado
4. Táboa de avaliación da organización das actividades culturais e de promoción dos idiomas